

Procedemento: Axudas para o desenvolvemento de paquetes audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector ao abeiro do Programa Hub Da Industria Creativa Galega.

Código de procedemento: CT207H

Asunto: Resolución de nomeamento da Comisión de Valoración.

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 25 de xaneiro de 2022 publicouse a Resolución do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para o desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector ao abeiro do programa Hub da Industria Creativa Galega, financiadas ao 100 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT207H).

2. O artigo 15 desta convocatoria recolle que a dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais é o órgano competente para a instrución deste procedemento.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2. O artigo 16 das bases da convocatoria das axudas para o desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector ao abeiro do programa Hub da Industria Creativa Galega, financiadas ao 100 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, establece o seguinte:

- Que se constituirá unha comisión de expertos, que como órgano colexiado examinará os proxectos, asignará as puntuacións de forma motivada, levantará acta e elaborará un informe preceptivo no que se establecerá a prelación de solicitudes.
- Que a comisión de valoración estará formada polas seguintes persoas, nomeadas pola Dirección da Agadic: tres profesionais de recoñecido prestixio nos ámbitos audiovisual e/ou



cultural en xeral dos que un exercerá como presidente e terá voto de calidade en caso de empate, e un profesional pertencente ao cadro de persoal da Agadic de entre os grupos I, II e III. Actuará como secretaria ou secretario, unha persoa do cadro de persoal da Agadic.

- Que a condición de vogal da comisión terá carácter persoal e non poderá actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso. Os membros da comisión declararán por escrito non ter relación cos solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes na correspondente convocatoria.

En base ao exposto

RESOLVO

Nomear a comisión de valoración deste procedemento, que segundo o artigo 16 terá a seguinte composición:

- Presidente

Manuel Alberto Guntín Araujo

- Vogais

Tirma Lina Pérez Escuredo

Olimpia Pont Chafer

Jaime Pena Pérez

- Secretaria

María Dolores Meijomín Rodríguez

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

